

Lírica medieval: os xéneros menores

Imos ver neste apartado un tipo de composicións que non encaixan en ningún dos tres grandes xéneros da lírica medieval galego-portuguesa; polo que as estudaremos como xéneros independentes.

A pastorela

Ten orixe na lírica provenzal, estas composicións comezaban co encontro dun cabaleiro e unha pastora, seguían co diálogo que mantiñan entre eles, no que o cabaleiro solicitaba o favor da moza e remataban co rexeitamento ou aceptación da pastora das demandas amorosas do cabaleiro. Na lírica galego-portuguesa conservamos algúns exemplos destas cantigas, que constitúen un precedente das serranillas castelás.

Moitas pastorelas consevan a influencia provenzal, mais as máis antigas presentan elementos da orixe popular, que comparten coas cantigas de amigo. Hai algún expemplo de pastorela en que non hai diálogo, senón que o cabaleiro e testemuña oculto das cántigas populares da moza (breves cantigas de amigo). Deste xeito incorpórase a poesía popular ás composicións cultas.

A seguinte pastorela de Don Dinís está composta ao modo provenzal, nela, o cabaleiro ve unha moza fermosa, promételle amor e ela rexéitao, pois quere a outro.

*Vi oj'eu cantar d'amor
en un fremoso virgeu
ũa fremosa pastor,
que ao parecer seu
jamais nunca lhi par vi,
e por en dixilh'assi:
«Senhor, por vosso vou eu».*

*Tornou sanhuda enton
quando m'est'oiu dizer,
e diss': «Ide-vos, varon!
Quen vos foi aqui trager
pera m'irdes destorvar
du dig'aqueste cantar
que fez quen sei ben querer?».*

*«Pois que me mandades ir»,
dixi-lh'eu, «senhor, ir-m'-ei;
mais ja vos ei de servir*

*sempr'e por voss'andarei,
ca voss'amor me forçou
assi que por vosso vou,
cujo sempr'eu ja serei».*

*Dix'ela: «Non vos ten prol
esso que dizedes nen
mi praz de o oir sol,
ant'ei noj'e pesar én,
ca meu coraçon non é
nen sera, per bõa fe,
senon no [que] quero ben».*

*«Nen o meu», dixi-lh'eu, «ja,
senhor, non se partirá
de vós, por cujo s'el ten».
«O meu», diss'ela, «sera
u foi sempr'e u está,
e de vós non curo ren».*

A tenzón

A tenzón é unha cantiga de carácter dialogado onde, polo xeral, un dos interlocutores fala nunha estrofa e o outro na seguinte. Tratátabase frecuentemente de composicións satíricas, cantigas de escarnio e maldicir que encerraban unha disputa entre dous trovadores ou xograres. Vexámolo nestas estrofas dunha tenzón entre Joam García de Guilhade e o xograr Lourenzo, en que manteñen unha disputa pola boa maneira de compoñer:

—Lourenço, vejo-t'agora queixar
pola verdade que quero dizer:
metes-me ja por de mal conhocer,
mais eu non quero tigo pelejar
e teus mesteres conhocer-tos-hei,
e dos mesteres verdade direi:
"ess'é que foi con os lobos arar"!

—Joán García, no vosso trobar
acharedes muito que correger,
e leixade mí, que sei ben fazer
estes mesteres que fui começar;
ca no vosso trobar sei-m'eu com'é:
i ha de correger, per bõa fe,
máis que nos meus, en que m'ides travar.

—Ves, Lourenço, ora m'assanharei,
pois mal i entenças, e te farei
o citolón na cabeza quebrar.

—Joán García, se Deus mi perdón,
mui gran verdade digu'eu na tençón,
e vós fazed'o que vos semelhar.

A Arte de trovar di o seguinte:

Outras cantigas fazem os trovadores que cham[am] tenções, porque som feitas por maneiras de razón que un haja contra o outro, em que [um] diga aquilo que por bem tiver na primeira cobra, e o outro responda-lhe na outra dizend[o] o contrario

Estas se podem fazer d'amor ou d'amigo ou d'escarnho ou de maldizer, pero que devem seer de meestria. E destas podem fazer quantas cobras quiserem, fazendo [por] cada ùa a sua par. Se i houver d'haver finida, faze[m] ambos senhas, ou duas duas, ca nom convén de fazer cada um mais cobras nem mais fiindas que o outro.

Pero non vaias pensar que as tenzóns desapareceron, non. Este tipo de cantigas foise transformando ao longo dos séculos converténdose nas regueifas. , xénero que formou parte da nosa tradición oral ata hoxe en día e que se está intentando recuperar. Mais, como xa saberás, actualmente hai xéneros orais máis modernos nos que dúas persoas poñen en xogo a súa valía á hora de versificar. Falamos do hip-hop e das famosas batallas de galos

O pranto

É unha composición elexíaca en que o poeta canta as virtudes dun personaxe morto. Pero da Ponte é o principal cultivador deste xénero e autor dunha sátira que constitúe unha parodia dos prantos, na que se ataca ao defunto:

*Mort'é Don Martín Marcos, ai Deus, se é verdade?
Sei ca se el é morto, morta é torpidade,
morta é bavequía e morta neicidade,
morta é covardía e morta é maldade.*

O pranto conservouse na tradición popular.

A cantiga de seguir

Son composicións nas que, seguindo os parámetros dunha cantiga se presenta outra a semellanza. Empréganse de maneira irónica os mesmos metros, molodía ou palabras da cantiga orixinal, de maneira que selle dá un dobre sentido a todo o que se parodia para provocar o riso. Para entender a cantiga de seguir, o público debía coñecer a cantiga sobre a que se facía.

No córupos galego-portugués só conservamos tres cantigas deste tipo; mais si que se conservan textos que, sen ter a connotación paródica, seguen o esquema formal e coceptual doutra cantiga.

Na *Arte de trovar* aparece definida así: *A ña que filhan o som d'outra cantiga e fazem-lhe outras palavras tam iguaes come as outras pera poder en ellas caber aquel som mesmo.*

*Quand'eu un dia fui en Compostela
en romaria, vi ña pastor
que, pois fui nado, nunca vi tan bela,
nen vi outra que falasse melhor,
e demandei-lhe logo seu amor
e fiz por ela esta pastorela.*

*E dix'eu logo: "Fremosa poncela,
queredes vós min por entendedor,
que vos darei boas toucas d'Estela,
e boas cintas de Rocamador,
e d'outras doas a vosso sabor,
e fremoso pano pera gonela?"*

*E ela disse: "Eu non vos queria
por entendedor, ca nunca vos vi
senon agora, nen vos filharia
doas que sei que non son pera min,
pero cuid'eu, se as filhass'assi,
que tal á no mundo a que pesaria.*

*E se veess'outra, que lhi diria,
se me dissesse "ca per vós perdi
meu amigu'e doas que me tragia?"
Eu non sei ren que lhi dissess'ali;
se non foss'esto de que me tem'i,
non vos dig'ora que o non faria".*

*Dix'eu: "Pastor, sodes ben razõada,
e pero creede, se vos non pesar,
que non est'oj'outra no mundo nada,
se vós non sodes, que eu sábia amar,
e por aquesto vos venho rogar
que eu seja voss'ome esta vegada".*

*E diss'ela, come ben ensinada:
"Por entendedor vos quero filhar
e, pois for a romaria acabada,
aqui, d'ú são natural, do Sar,
cuido eu, se me queredes levar,
ir-m'ei vosqu'e fico vossa pagada".*

Pedro Amigo de Sevilha

*Que ben se soub'acompanhar
Nostro Senhor esta sazon,
que filhou tan bon companhon,
de qual vos eu quero contar:
rei Don Fernando, tan de prez,
que tanto ben no mundo fez
e que conquis de mar a mar!
Tal companhon foi Deus filhar
no bon rei, a que Deus perdon,
que ja máis non disse de non
a nuluh'ome por lh'algo dar
e que sempre fez o melhor:
por én xo quis Nostro Senhor
põer consigo par a par!
E quant'ome en el máis falar
tant'achará melhor razon,
ca dos reis que foron nen son
no mundo, por bon prez guaanhar,
este rei foi o melhor rei,
que soub'eixaçar nossa lei
e a dos mouros abaixar.
Mais, u Deus pera sí levar
quis o bon rei i, log'enton
se nembrou de nós, poi-lo bon
rei Don Afonso nos foi dar
por senhor; e ben nos cobrou,
ca, se nos bon senhor levou,
mui bon senhor nos foi leixar.
E Deus bon senhor nos levou,
mais, pois nos tan bon rei leixou,
non nos devemos a queixar.
Mais façamos tal oraçon:
que Deus, que prês mort'e paixon,
o mande muito ben reinar.
Amen! Alleluya!*

Pero da Ponte